

ANEXO III

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta SXAI 2023-2025			
Título: Convenio de Servizos Xerais de Apoio á Investigación 2023-25.			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos xerais de apoio á xestión da I+D+i			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2023 FIN: 31/12/2025			
CENTRO Inv. Principal: Alberto de Vega Martín			
OBJECTO DO CONTRATO: Técnico de laboratorio para a Unidade de Técnicas Cromatográficas e Análisis de Augas (UTCA)			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: A UTCA do Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) - 7:45 a 15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Técnico Grupo A1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a		Investigador/a en formación * Require matrícula programa doutoramento SUG	
X Técnico/a de apoio á investigación		Axudante de apoio á investigación	
Técnico/a administrativo/a		Axudante administrativo/a	
XORNADA	Tempo Completo: X	Tempo Parcial:	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido X		Duración determinada DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.040,00 € € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 05.00 44.23.25 541A 640.0			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Grao en Química ou equivalente. ou equivalente

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria.**

PAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Alberto de Vega Martín, Jaime Rodríguez González
Alberto Núñez Cardezo (Suplentes: Blanca Padín Viaño, Fernanda Rodríguez Fariña)

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña/Ferrol, 31 de outubro de 2022

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.:

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A persoa beneficiaria deste contrato desenvolverá e colaborará nas seguintes tarefas:

As persoas candidatas deberán estar en posesión dun título de licenciado ou graduado en áreas científicas (química, bioloxía, farmacia ou afín).

Valorarase a experiencia na preparación de mostras e en análise instrumental mediante cromatografía acoplada a espectrometría de masas de compostos orgánicos a nivel traza.

Por outra banda a persoa candidata deberá ter coñecementos e experiencia na determinación de parámetros físico-químicos en augas, así como experiencia no manexo de ensaios acreditados ISO 17025.

Así mesmo terase en conta a experiencia en servizos de apoio á investigación ou similares.

A. Tarefas

1. Responsable técnico das análises da sección de augas da UTCA dos SAI da UDC: revisión de resultados de mostras e controis de calidade; elaboración de informes de resultados; realización de ensaios e revisión e actualización dos procedementos normalizados de traballo da sección. Realización das tarefas relacionadas co mantemento de Título de Entidade Colaboradora coa Administración Hidráulica (ECAH) do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
2. Responsable técnico das análises do expediente de acreditación ENAC 725/LE1798 de análise de parámetros físico-químicos en augas continentais non tratadas: deseño dos controis de calidade internos e externos e revisión e análise dos resultados obtidos, tomando as decisións oportunas para manter o método de análise dentro dos parámetros de control, revisión dos procedementos e instrucións de traballo, colaboración co responsable de calidade no mantementos do sistema de xestión da calidade.
3. Equipo de traballo do expediente de acreditación ENAC 725/LE1402 de determinación do equivalente tóxico total (total-EQT) de policlorodibenzodioxinas (PCDDs) e policlorodibenzofuranos (PCDFs) 2,3,7,8 tetra-octa substituídos e policlorobifenilos similares a dioxinas (DL-PCBs) mediante dilución isotópica e cromatografía de gases encaixada a espectrometría de masas de alta resolución (HRGC-HRMS) en produtos agroalimentarios: procesado de resultados de análise e elaboración de resultados; colaboración coas tarefas de control de calidade.
4. Certificación GMP+: desenvolver os procesos para obter a certificación GMP+, que permitirá aos SAI cumprir un requisito que esixen a moitos dos seus usuarios da industria alimentaria.
5. Desenvolvemento de novas metodoloxías para dar resposta ás novas necesidades instrumentais dos SAI:
 - a. Nos vindeiros meses vaise a aprobar unha modificación na regulamentación sobre substancias indesexables en produtos agroalimentarios que incluírá os compostos perfluoroalquilados (PFAS) á listaxe de substancias regulamentadas. Dado que os SAI xa posúen a instrumentación necesaria, na UTCA desenvolverase unha metodoloxía para a determinación destes compostos como

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

resposta dos usuarios relacionados con este sector. A persoa contratada terá que levar a cabo a revisión bibliográfica necesaria e deseñar os ensaios necesarios para optimizar o novo método.

- b. Desenvolvemento de novas metodoloxías para a ampliación da oferta de substancias na determinación de compostos emerxentes (PPCPs, pharmaceutical and personal care products), que é unha determinación cada vez máis demandada polos usuarios que traballan no ámbito da contaminación das masas de auga, xa que moitas delas están incluídas nas listaxes de observación de substancias a efectos de seguimento asociadas á Directiva 2008/105/CE relativa ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, como por exemplo a ultima listaxe recollida na Decisión de Execución 2020/1161.
 - c. Desenvolvemento de métodos analíticos personalizados ás necesidades do usuario.
6. Relación cos usuarios dos SAI: asesoramento científico e resolución de dúbidas con relación aos ensaios que requiren. O fluxo de traballo comprenderá entrevistas co usuario para coñecer as súas necesidades, estudo da viabilidade técnica do ensaio e elaboración de orzamentos dos traballos solicitados.
 7. Realización de actividades formativas co estudiantado que visita as instalacións dos SAI.

B. Duración do contrato

A duración do contrato será de tres anos

C. Criterios e valoración de méritos

Concepto	Puntuación máxima
Doctorado en Química	5
Experiencia en análise de compostos orgánicos a nivel traza mediante técnicas cromatográficas e espectrometría de masas: posta a punto, validación e aplicación	15
Experiencia en determinación de parámetros físico-químicos en augas: posta a punto, validación e aplicación	15
Experiencia en responsabilidade técnica de ensaios acreditados UNE-EN ISO/IEC 17025	10
Coñecementos de auditoría de acreditación UNE-EN ISO/IEC 17025	5
Experiencia en utilización de LIMS (xestión de laboratorios)	5
Experiencia en Servizos de Apoio á Investigación	20
Experiencia en cursos recibidos relacionados co material obxecto da convocatoria	2
Formación en inglés, mínimo B1	3
Entrevista persoal aos solicitantes con máis puntuación	20

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*